Mensching (1961), después de un estudio de los niveles marinos desde el Terciario hasta la actualidad en toda la costa gallega concluye que la forma de las costas de rías es el resultado de la alternancia de fases erosivas correspondientes a las fases glaciares pleistocenas con fases de anegamiento correspondientes a las fases interglaciares también pleistocenas y holocenas. Estos intensos procesos erosivos compensarían con creces el elevamiento epirogénico experimentado en toda la costa desde el Terciario final.

Según Mensching (o.c.), para el caso concreto de la Ría de Muros y Noia, influirían en su forma más ancha que larga a la vez factores litológicos, es decir desigual resistencia a la erosión, y aprovechamiento de las antiguas líneas de fractura hercínicas. Nonn (1966), insistiendo en los mismos puntos distingue en la citada Ría dos zonas. Una, la superior, más ramificada y con una morfología claramente derivada del enegamiento de valles fluviales y de la que sería directamente responsables el río Tambre y sus afluentes, y otra, la final, originada por el anegamiento de un "graben tectónico" de origen muy antiguo. No parece coincidir con Mensching (o.c.) en dar un papel preponderante a los procesos ero-

sivos para explicar la génesis de la Ría. Se basa para ello en los escasos restos de depósitos cuaternarios encontrados por él. La terraza fluvial de Barro (+ 20 m.), en la que el índice de alteración del cuarzo es la prueba principal de la antigüedad de la misma. Según Nonn (o.c.), los glaciares que fosilizan estos depósitos son pretirrenienses (cuaternario antiguo). Por lo demás, el resto de los depósitos por él mencionados, nivel + 0,5 m., nivel + 2 m., en la Illa da Creba (ouljiense ?), y algunos retazos de plataforma marina fosilizada y desmantelada por el mar en la actualidad entre la ensenada de Esteiro y la de Bornalle no introducen nuevos datos al problema de la antigüedad de la Ría al tratarse de depósitos muy recientes.

A partir de estos datos Nonn (o.c.), afirma que ya durante el interglacial Riss-Wurm la Ría tenía una configuración similar a la actual. Posteriormente, y durante el Wurm, no se producen más que episodios de coluvionamiento en las laderas que fosilizan los restos de antiguos niveles de costa que se hayan podido formar. Todo esto en lo que se refiere a los depósitos marinos fósiles en el interior de la Ría. En la parte externa a la Ría, los niveles marinos están representados por dos niveles de abrasión bien desarrollados. Uno a + 30-50 m., de edad, según Nonn (o.c.) Mindel-Riss, y otro a + 15 m. de edad Riss-Wurm. Estos niveles se desarrollan con claridad entre el extremo Norte de la boca de la Ría y el río Ezáro. Si bien Nonn, no cita la existencia de depósitos relacionados con los mismos, el autor de este trabajo ha encontrado recientemente un nivel de playa fósil con cantos y arenas de claro origen marino a unos + 40 m. sobre el nivel del mar actual. Este afloramiento se sitúa en las cercanías de Monte Louro (ver mapa adjunto). Con ello queda probada la existencia de otro nivel marino antiguo y que según la cronología de Nonn deberíamos referir al Mindel-Riss.

Por otra parte en las investigaciones llevadas a cabo por el autor de este trabajo, en la margen norte de la Ría sobre todo, ponen de manifiesto la existencia de

numerosos afloramientos puntuales en muchos casos asociados con una pequeña rasa a + 1.5 m., si bien las alturas pueden variar desde -0.5 m. hasta 2 m. También se han podido distinguir por el autor hasta tres generaciones de dunas con distinto grado de cementación. Todo ello hace pensar que el estudio de los niveles marinos cuaternarios en la zona de la Ría de Muros y Noia es bastante más complejo y completo que lo deducido a partir del análisis de los datos de autores anteriores. Los estudios que se están realizando en la actualidad por el Grupo gallego de estudio del Cuaternario llevarán sin duda a la resolución de todos estos problemas.

Otros datos aplicables a las dataciones de las oscilaciones holocenas del nivel del mar en Galicia.

Para el conocimiento de las oscilaciones del nivel del mar en el cuaternario reciente gallego, es posible aplicar los datos obtenidos a partir del estudio de las terrazas fluviales (Figura 3), como índice de antiguos perfiles de equilibrio de los ríos que fueron modificados por las oscilaciones del nivel de base de los mismos, es decir del nivel marino. En algunos casos especiales pueden establecerse correlaciones consistentes entre los niveles de terraza fluviales y niveles marinos estáticos (ver cuadro de correlación nº 2). Esto nos permite encontrar la correlación entre un proceso continental fluvial y uno marino de línea de costa, y por consiguiente asignar una edad determinada a un depósito continental (terracea fluvial) que de otra forma solo por criterios de fauna fósil o absolutos solo podría haber sido datada.

Conclusiones

Nos vamos a referir únicamente a los datos relacionados con los niveles marinos en la ría de Muros y Noia correspondientes al cuaternario.

En primer lugar los datos de todos los investigadores que han trabajado en la zona confirman la existencia ya durante el cuaternario de la Ría como tal, reduciendo se la actuación del mar al modelado de una clara serie de niveles de abrasión a distintas alturas (ver cuadro de correlaciones). Es solo a partir del nivel + 40 m. cuando comienzan a aparecer asociados a esos niveles de abrasión depósitos sedimentarios, confirmando así el origen de tales rasgos morfológicos como de origen marino. Podemos decir entonces que si bien es probable la existencia de la Ría desde cuando menos el principio del cuaternario, entre los 230.000 - 180.000 años es segura la existencia de una línea de costa muy similar a la actual. A partir de ese momento se desarrollan con claridad otros dos niveles de abrasión uno a + 12-15 m., que se encuentra en el borde externo de la Ría y que puede equivaler al + 20 m. encontrado por nosotros en la zona interior de la Ría y finalmente al 1.5 - 2 m. desarrollado de una manera generalizada en toda la Ría y con el que se encuentran asociados siempre depósitos de origen marino. Es a partir de este momento cuando la serie sedimentaria se vá haciendo cada vez más compleja, se llegan a distinguir hasta tres generaciones de dunas fósiles, así como una transgresión de los depósitos continentales sobre los marinos. En el momento actual el mar erosiona esos depósitos desmantelando lentamente las series continentales transgresivas y poniendo al descubierto los niveles marinos fosilizados por ellas. Debemos aclarar que el desconocimiento de los niveles hoy en día sumergidos debajo de las aguas nos impide el acceso al conocimiento de esta parte importante de la historia geológica cuaternaria de la ría.

Bibliografía

- The viscosity of the Earth's mantle. L.M. Cathes, III.
Princeton Univ. Press, Princeton New Jersey, 1975.
- Sea level Fluctuations During the Part 6000 yr. as the loart of Mauritania. Einsele, G. et al. 1973. Quater. Resc. 4, 3 (281-290).

- The Encyclopedie of the geomorphy. R.W. Fairbridge.
Reinhold Book Corp. New York, 1968.
- Die Rias der Galicisch-Asrutischen Kuste Spaniens.
Menschin, H. 1961.
- Les régions cotéres de la Galica, Espagne. Nonn, H.
Univ. Strasbourg, Foun. Baulig, 1966.
- Precambrian of the Northern Hemisphere. Salop, J.L. El-
sevier, Amsterdam, 1977.
- Historia de la Tierra. Introducci3n a la geología histó-
rica. Stokes, W.L. Editorial Aguilar. 1969.
- Testimonio de climas semiáridos en el Cuaternario de Ga-
licia. Vidal Romani, J.R., Pérez Albertí, A., Gra-
jal Blanco, M. Actas III Reunión Nacional (El Cua-
ternario en medios semiáridos). pág. 211-218. Ma-
drid 1979.

CUADRO N° 1. NIVELES MARINOS DE LA RIA DE MUROS Y NOIA.

MENSCHING, H. 1961 NONN, H. 1966 VIDAL ROMANY, J.R. 1979

Siciliense II 50-60 m.	Mindel-Riss 30-50 m.	Pleistoceno medio 35 m.
Tirreniense II 15-20 m. 6-10 m.	Riss-Wurm 12-15 m.	Pleistoceno superior 20 m. 10 m.
Flandriense 2-3 m.	Ouljiense 2-3 m.	Pleistoceno final 1.5 - 2 m.

PERFIL LONGITUDINAL DE LOS RIOS MERO Y BARCES




Fig. 2. - Relación entre niveles isostáticos y terrazas altas en el río Mero (Vidal Romani, 1977 a)

Terrazas de cantos		Niveles marinos	Gravas "dente de besta" (Vidal et al. 1977)			Epocas
Butzer (1967)	Perez Alberti (1977)	Butzer (1967)	Mero (terrazas)	Mero (abanicos aluviales)	Miño (abanicos aluviales)	
Miño inferior	Miño medio	Agarda-Baiona				
HOLOCENO						
		6/7 m.		?	?	Superior
terrazza +22/24m	terrazza +20/26m	10/12m	terrazza +15m	formación de abanicos aluviales		PLEISTOCENO
baja	baja	16/17m	baja +25m	episodios de alteración		
Suelo rojo	Suelo rojo	23/24m	Suelo rojo	episodios de alteración		
terrazza +34/36m	terrazza +30/33m	33/36m	terrazza +45m	formación de abanicos aluviales		
media +42/44m	media +30/33m	42/49m	media	episodios de alteración		
Suelo rojo	+40/46m		Suelo rojo	episodios de alteración		
terrazza +52/59m			terrazza +60m	formación de abanicos aluviales		
+65/66m			alta	episodio de alteración		
alta +80m				?	?	inferior
						inicial

Correlación entre niveles de terrazas y abanicos aluviales de los ríos Miño y Mero.

RESUME

Revisanse os estudos sobre das variacions do nivel do mar na época cuaternaria. Describese o estado de estes conocimientos en Galicia e citase como exemplo dos mesmos estudos, os feitos polo autor na ría de Noia, prantexándose correlacions con outros puntos e datos do Pais Galego.

RESUMEN

Se revisan los estudios sobre las variaciones del nivel del mar en la época cuaternaria. Se describe el estado de estos conocimientos en Galicia y se cita como ejemplo de los mismos los estudios que el autor realiza sobre la ría de Noia, estableciéndose correlaciones con otros puntos y datos del País Gallego.

SUMMARY

The knowledges about sea-level oscillations during the quaternary, with special emphasis on Galicia, are reviewed. Like a reference, sea-level oscillations at "Ria de Noia" are presented meeting a correlation with another areas of Galicia.

notas

CHAN, E NON SOLO

Xosé Ramón García e M. Anxel Murado
S.G.H.N. Vigo.

Publicábase no denanterior número de "BRAÑA" un traballo ("Precisións semánticas sobor do emprego en Edafoloxía das verbas chan, solo e terra") que coidamos interesante por dúas razóns. Unha, polo que supón de tentativa de axeita-la nosa lingua ás necesidades dun idioma moderno, coa precisión que lles compre ós termos científicos. Outra, porque abre unha reflexión-discusión encol da devandita terminoloxía, que ben podería ser clarexada de certas dúbidas dabondo sistemáticas.

O caso é que -entrando en materia- a proposta do neoloxismo solo, e conseguinte esquencemento do chan patrimonial, prá denominación do "obxecto da Edafoloxía" no noso idioma, parece vir motivada esencialmente polo desexo de nos homologar cos edafólogos de varios países da vella Romanía na utilización dun determinado étimo latino (solum). Semella orixinal demais, polo visto, que os nosos edafólogos, por riba de teren que traballar con presupostos máis cativos -poñamos por caso- cós dos franceses, teñan que se servir doutro étimo latino (planum) pra referírense ó obxecto do seu traballo.

Porque a verdade é que non nos resulta doado captar máis fondas razóns na proposta.

Efectivamente, o problema non parece atoparse na incapacidade das voces populares que designan "a superfi

cie da terra" pra abrangueren tamén ó "obxecto da Edafoloxía", xa que dos cinco idiomas romances que, ademáis do galego, se examinan na devandita publicación, tres (castelán, italián, catalán) escolleron esta solución.

Tampouco os outros dous idiomas dan pé o solo: dunha banda, moito tempo debe haber xa que, tanto o suel francés coma o so portugués fuxiron da fala viva (non os demos atopados en ningún dos dicionarios que consultamos) Da outra, e paralelamente, o grande espallamento actual dos correspondentes cultismo sol e solo fai sospeitar que o día en que foron neoloxismos está máis lonxano có que viu nacer á Edafoloxía; ou, polo menos, que non xurdiron especificamente pra cubriren as peculiares necesidades expresivas desta ciencia.

No que toca ó chan, é claro que as suas funcións en galego, independentemente das que cumprira o seu étimo latino planum, non son sóio adxectivais (p. ex. Terra Chá), senon tamén de sustantivo, tal como atestigua a toponimia (Chan do Monte, Chan de Gándara, etc.), recolle o dicionario de Eladio Rodríguez e reflexan moreas de frases da fala coloquial (caíu ó chan, a rolos polo chan, etc.).

A alternativa que defendemos pra designación do obxecto da Edafoloxía é pois, mesmamente, a que xa impuxo a evolución do noso idioma: darlle ó vocábulo patrimonial chan, que expresa "a superficie da terra", unha nova acepción. Acepción que, por certo, non é tan nova no galego. Vexámo-lo que dí o dicionario de E. Rodríguez na voz SOCHAN:

"SOCHAN": s.m. Subsuelo, terreno que está debaixo de la capa laborable".

Ou, pra maior abondamento, o que o mesmo dí en SUBCHAN:

"SUBCHAN: s.m. Subsuelo, terreno que está debaixo

de la capa labrantía o laborable./Este vocablo no figura en ningún diccionario gallego; y sin embargo, la palabra "subchan" corresponde y se amolda perfectamente a nuestro léxico. Conviene no olvidar que en Galicia el suelo se llama chan invariablemente, y aunque algunos de nuestros escritores emplearon impropriamente la palabra portuguesa solo (...) todo lo más a que el solo puede aspirar es a ser una simple variante de chan".

Por certo, tamén, que xa Asociacións de Veciños - cando menos as de Vigo - recolleron esta herdanza ó denunciaren a "especulación do chan" e non do "solo", como se pretendería no traballo ó que nos estamos referindo.

Finalmente, estimamos que na escolla de chan ou solo existe, coma en calquera outra escolla, un certo trasfondo ideolóxico. É estamos pensando no grande perigo que representa a cómoda opción de inza-la nosa fala de termos alleos ou pseudogalegos, en troques de levar adiante un mínimo labor de pescuda no sono propio léxico.

Semella claro que, ademáis da introducción de neologismo e a perda de arcaísmos, a evolución do contido informativo dun idioma implica a acomodación dos vocábulos patrimoniáis á evolución obxectual e conceptual do entorno sobor do cal informan; cando, por exemplo, xorde un artefacto capaz de levar tripulantes á lúa, o feito de que se mova - coma eses outros que esbouran nas festas - en virtude do principio da acción e a reacción, vá lenos de disculpa pra non termos que inventar un neologismo e deixalo en foguete, por moí espacial que o calificuemos.

Pois ben: coidamos que a proposta do solo representa, no fondo, o negarlle ó galego estas posibilidades de acomodación semántica, esixirlle máis do que se lle pide, por exemplo, ó castelán. É evidente que se pode retrucar reivindicando a "inocencia" da proposta. É evidente que,

dispóis de todo, solo constituiría un vocábulo de difusión restrinxida, de cativa incidencia no falante meio. Pero nós seguimos teméndolle á opción xeral que entreve-mos agachada no sochán deste solo.

Estamos ben fixos de que os autores da proposta -a sua preocupación polo galego demóstrao por demais- actúan con absoluta pulcritude e boa fe. Mais iso non evita que, termados na coartada de que "os vocábulos patrimoniais teñen contidos semánticos moi restrinxidos, pouco axeita-dos á realidade actual (?)"!, que se preocupan menos, e son menos pulcros, e adoecen de boa fe, incen o galego - nun prazo que nos arrepiá - de castelanismos, conver-tíndoo nun dialecto, ou de neoloxismos formalmente co-rrectos pero artificiosos, convertíndoo nunha xerga pra iniciados.

Nun momento -coma este- en que o galego reinicia andaduras literarias de idioma normalizado, os dous de-vanditos perigos asalan decote ós que descoñían da capa-cidade de acomodación do noso léxico patrimonial e pen-san que os espaciais son "cohetes" e non foguetes; que acedo pode se-lo pranto, pero non o nítrico, que coida é a do pan, pero non a terrestre; que xofre é o que se lle bota ás viñas, pero non un dos elementos do SO₂; que billa é a dos pipotes, pero que no seu cuarto de baño a auga ninxe dos "grifos"; ós que din que o campo aparece xeado nas mañanciñas de inverno e as amendoeiras dan améndoas a fins da primavera, pero de vran lamben "hela-dos de almendra" ... tamén ós que coidan que o chan pa-trimoniai non é merecente de estudo edafolóxico.

Parécenos que neste camiño (un camiño soiniñamen-te, pero fundamente diglósico), quen no porvir queira in-vestiga-lo idioma do NO de España, haberá de ir busca-lo seu léxico no portugués e a sua sintaxe no bable. Paréce-nos que a normalización precisa recorre un camiño en cer-ta medida inverso. Parécenos que compre xa falar dos ace-dos do xofre e lamben xeados de améndoa.

APROXIMACION INDIRECTA AL PALEOCLIMA GALLEGO

José María Fontana Tarrats.

Ante las dificultades existentes en toda la franja del Norte de España, para encontrar noticias directas de pulsaciones climáticas, optamos por ensayar un método de captación indirecta, buscando a través de: a) estudio de las fluctuaciones de los cultivos mediterráneos (olivo, agrios y vid), situados en una indudable "limes" ecológica y b) mutuciones de las arboledas galaicas.

Olivo.-- Parece que su origen o introducción no ocurrió en la protohistoria y sí en la época romana, alcanzando un cierto relieve en la Alta Edad Media, para decaer, luego, -en especial a partir del 1580- a través de ciertas alternativas y alcanzando hasta el siglo XVIII, cuyos tiempos húmedo-atlánticos y fríos, acaban prácticamente con él, subsistiendo hoy casi sólo como reliquias o testigos, al amparo de topoclimas de extensión reducida y donde menor es la adversidad climática.

Tanto la toponimia como las noticias históricas nos hablan de "oliveira" en Santiago o cultivos en Betanzos, pero, sobretodo en Orense, Ribadavia, Vigo, Valdeorras, Monterrey, Quiroga, Bajo Miño y Tuy. Quizá hubo una cierta reviviscencia entre fines del XVII y primer tercio del XVIII, pero las nieblas, heladas, fríos y lluvias posteriores acabaron con el cultivo.

Aparte las limitadas necesidades litúrgicas, Galicia consumía grasas animales -autorizadas incluso en la

abstinencia- y sólo ante los grandes consumos de la industria conservera de pescados, a fines del XVIII, XIX y actual, fueron grandes las importaciones de aceite.

A pesar de reconocer que el olivo gallego se halla en condiciones meteorológicas adversas, esto no fué admitido por escritores y eruditos (Cornide, Labrada, Palomo y Torre, Suárez Freire, Vereá y Aguilar, el Dtr. Sánchez P. Sarmiento, etc.).

En general se atribuye la decadencia a un truculento e inaudito impuesto de 4 rs. por pie, creado por el "malvado" Conde-Duque de Olivares (?), sin que falten acusaciones a la incuria y desidia del campesino, y sean solitarias las más lógicas razones de Somoza de Monsorío.

Nieblas, tardía producción, escasa insolación, lluvias excesivas -tan alejadas del óptimo mediterráneo- explican convincentemente la práctica desaparición, mientras otros rasgos climáticos de signo contrario justifican su introducción y relativo auge en las zonas con déficit de ETP.

Agrarios.- Aunque el ámbito de expansión sea parejo, su extensión e intensidad fué bastante mayor. No obstante se cultivaban en Ribadeo a principios del XVI (al igual que en Laredo) -e, incluso, en Inglaterra-, siendo intenso su cultivo en las costas, en especial, (incluida la coruñesa). No es verídica la imagen de un cultivo continuando desde la Edad Media al XVIII, sino que se produjeron fluctuaciones notables. Resulta sorprendente que el Noroeste de España fuera el gran centro exportador de agríos peninsulares a Europa, a partir de la Edad Media.

Tampoco se reconoce la incidencia climatológica y se atribuye su decadencia al Tratado de Methuen y otras razones humanas, absolutamente inconvincentes.

La acentuación fría de la "little ice age" (1580) y la suavización del clima en la costa mediterránea a

partir del XVIII, con la extensión del cultivo de los agrios en el Reino de Valencia y Andalucía, así como los fríos y humedades del XVIII en Galicia, fué el conjunto de causas que -unido a las mejores condiciones meteorológicas de Portugal- explican la decadencia del agrio gallego, en especial del naranjo. Hoy, con la acentuación cálida y seca de Galicia, ha revivido algo el cultivo, si bien en el limonar, más resistente o/y con mejores rendimientos que el naranjo.

Bosque.- Las evidentes mutaciones, se han atribuido, como es habitual, a la acción antropógena, sin conocer o admitir el paralelo climatológico y, en especial, la subsistencia del bosque climax (*Quercus Robur*) allí donde disfrutaba de una meteorología propicia para la "carvalleda" y su regeneración espontánea. Hoy subsisten ochenta y cuatro lugares de población que se denominan carballeda y son incontables los derivados de la raíz "carb"-roble.

Para nada se ha tenido en cuenta la muy típica sustitución botánica que va del robledal al pinar pasando por el castañar, que en puntos aislados de España hemos podido también rastrear en ciclo completo o no (Guadalupe, Valle del Tietar, Alpujarras, Sierra de Prades, etc).

El proceso fué multiseccular. Perceptible en el siglo XI, quizá época de inicio del castañar, son estos ufanos y extensos en el XVI (Hernando Colon). En el XVI y XVII, existe consciencia de la reducción del robledal y se inician trabajos para la reconstrucción, infructuosa, claro está, pues su decadencia es manifiesta en el XVIII, aunque quizá detenida algo en su segunda mitad, abundando las citas de los inmensos robledales desaparecidos. El castañar, que no tolera los calores fuertes, decae contemporáneamente y en especial desde 1875, con la plaga de la "tinta" que estudió Vieitez y otros.

El "pinus", de añeja progenie gallega, según los análisis polínicos (en el Cuaternario y quizá en la alta

prehistoria), desaparece luego, para reaparecer tardíamente, cuya "introducción" (?) se supone cluniacense, en la Edad Media. Lo cierto es que sus noticias expansivas son del XVIII y todavía a fines de este siglo daba premios el Consulado de La Coruña a quienes les sembraran. Predominan ya en el siglo XIX. He aquí un "trend" botánico que nos señala la lenta mutación intersecular (dentro de avances y retrocesos) que va desde una climatología superhúmeda correspondiente al carvallo a la mucho más seca del pinar, pasando por el estante intermedio del castañar.

Viñedos.— Con mayores precisiones, y en coincidencia con los otros cultivos mediterráneos, sabemos que los caldos gallegos eran apreciados y conocidos en Roma en tiempos de Augusto y Tiberio, o sea, con la iniciación seca de nuestra Era y en probable expansión, con citas de los siglos IV y V, así como la existencia de viñedos en lugar tan poco propicio como Lugo en el siglo VIII; quizá se produjo retroceso en el siglo IX, pero muerden las noticias luego, culminando en el seco siglo XI con superabundancia de noticias, que decaen notablemente en el siglo XIII, reanúdanse, luego, en el XIV y XV, para alcanzar su óptimo en los siglos XVI y XVII, de cayendo muchísimo en la segunda mitad del XVIII, crisis que quizá tuvo su heraldo en la acentuación fría de fines del XVI. Lo cierto es que en el XVII no existía prácticamente el viñedo del Albariño, entre Arosa y Pontevedra, según Jerónimo del Pozo, introducido por cepas cluniacenses, en tiempos de Gelmírez. La exportación alcanzó notables niveles en el XV, XVI y XVII.

La vid es el más plástico, adaptable y resistente de los cultivos mediterráneos, por lo cual sufrió menos los retrocesos espectaculares registrados en olivo y agrios. Su ámbito fué muy extenso, si bien con preponderancia en las costas y valles abrigados, con déficit de ETP durante o cinco meses del año, lo cual nos explica su ubicación en lugares como Betanzos y Vivero.

También se atribuyó su decadencia en el XVIII al Tratado de Methuen, a pesar de ser, por otra parte, el siglo de la "fiebre del viñedo" galaico.

A pesar del genérico voluntarismo, no faltan claras alusiones a razones climatológicas como las del economista Dtr. Sánchez ("verano excesivamente lluvioso, una noche de hielo en la primavera, una mañana de niebla seca ...") al explicar la decadencia del cultivo en la ribera del Avia. Sobre todo las noticias meteorológicas de las nevadas, fríos y humedades en la cuenca del Miño, en la segunda mitad del XVII, fueron determinantes. Un serio y documentado historiador de Ribadavia, como fué Eijan, niega la trascendencia erosiva del Tratado de Methuen.

Tenemos la esperanza de que la cooperación del gran historiador Rubén García Álvarez, nos permita obtener curvas fenoclimáticas de las fechas de inicio de las vendimias en Galicia, que constituirían un precioso dato objetivo.

Existe una correlación en las fechas de inicio, expansión, decadencia y fluctuaciones, en suma, de los cultivos mediterráneos y del bosque galaico, que hemos de poner en estrecha relación, tanto con la obra de C. Tames sobre las fluctuaciones de la húmedad en España como en la de Díaz-Fierros y sus valiosos mapas actuales de ETP en Galicia.

Para este trabajo, cuyo resumen presentamos, hemos utilizado, aparte los aludidos en el texto, los de Cabo Alonso, Meijide Pardo, los publicados en B.R.A.G., Cuadernos de Estudios Gallegos, prensa diaria, etc. etc., así como Jesús Taboada, Atanasio López, López Ferreiro, A. de Valenzuela, Bernardo Barreiro, M. Murguía, Tobío Fernández, A. de Morales, J. de Castro, R. Méndez Silva, colecciones de Pérez Costantí y Martínez Salazar, Lic. Molina, Larruga, F. Bellod y S. Menéndez Amor, J. Ramón y Fernández Oxea, Tomás López, Rodríguez Fraiz, Carreras Candi, Rodríguez Ferreiro, V. Risco, J. Villa-Amil,

ANTONIO CASARES-GIL: ESGREVIO BOTANICO COMPOSTELANO

X. Reinoso

Departamento de Botánica

Facultade de Biolóxicas. Santiago.

Co gallo do 50 cabodano do pasamento de D. Antonio Casares-Gil, un dos mellores botánicos cos que contou España, e, dende logo, o máis esgrevio dos galegos, pensamos adicar dende estas páxinas unha agarimosa lembranza á sua memoria. Vaia nela un lamento por que a sua significación no mundo científico e os seus merecementos non sexan abondo coñecidos na sua cidade natal e na Galicia que tan to amou e desexou honrar co seu teimoso e meritorio labor.

Limitarémonos a expoñer, baseándonos nunhas notas do seu principal biógrafo, Prof. D. Antonio García Varela, unha cativa reseña biográfica do esgrevio briólogo, que chantou os alicerces do coñecimento dos Musgos, abrindo camiños ós botánicos interesados nesta apaixonante especialidade.

Naceu D. Antonio Casares-Gil en Santiago de Compostela, o 29 de Maio de 1.871. Non é de extrañar a gran afición que mostrou polas Ciencias Naturais, dada a que xa tiña o seu pai. Emporiso, estudiou a carreira de Medicina na Facultade de Compostela, e, cáseque recién obrida a licenciatura opositou ó Cuerpo de Sanidad Militar, sendo destinado a Barcelona.

Nesta cidade, nas horas que lle deixaba libre o seu labor, visitaba os laboratorios universitarios, facendo a miúdo excursións botánicas e zoolóxicas polo País Catalán.

Despois dunha curta estadía en Cuba vai a Munich, onde estudia Organografía Vexetal no laboratorio de sonado Goebel, en especial estruturas anatómicas de Briófitas e Pteridofitas.

Xa de volta en España principia o estudio deste grupo de prantas, levando a cabo unha auténtica pelerinaxe á procura de Briófitas pola Península Ibérica toda. O pouco tempo empeza a publicar traballos na "Revue Briologique" e mais no "Boletín de la Real Sociedad Española de Historia Natural".

Foi despois destinado a Madrid, prestando servizo no Instituto de Higiene Militar, permitíndolle adicar parte do seu tempo á súa afición favorita, acudindo ó Museo de Ciencias Naturales e a Junta de Ampliación de Estudios. Asegún o seu biógrafo, o galego D. Antonio García Varela, Director do Jardín Botánico e catedrático da Universidad Central, débese a devandita Junta que non quedara inédito o traballo de D. Antonio, xa que, home por demais modesto, non pretendeu publicar nada, co que a súa obra estaría arquivada nalgún establecemento oficial, coma con tantos outros naturalistas ten pasado.

Proporcionaselle en 1.902 un pequeno obradoiro no Museo de Ciencias Naturales de Madrid, no que se poido adicar por enteiro á súa actividade. En 1.919, a Junta de Ampliación de Estudios publica o primeiro tomo da Flora Ibérica, adicado ás Hepáticas coma primeiro grupo das Briofitas, sendo o autor D. Antonio Casares-Gil.

Este tomo das Hepáticas de España e Portugal constituiu daquela a mellor obra publicada en España sobre un grupo botánico, pola súa orixinalidade e moderna feitura. Foi unha obra que fixo época, coma manifestou o mundialmente coñecido briólogo F. Verdoorn. A mais cumprida gabanza veu de Dismier: "... E, efectivamente, a primeira obra de conxunto encol das Hepáticas, publicación que fai o maior honor a España". Diante de tales louvanzas é doado convencerse dunha cousa: a sobranceira calidade da obra científica de Casares, e decatarse, amais, da autenticidade do traballo do noso botánico.

Despois desta magnífica publicación continuou a traballar Casares na preparación da súa monografía "Sphagnos de la Península Ibérica", saída do prelo en 1.925, e única

obra de consulta de esfagnos que existiu deica hai poucos anos.

Agás algún pequeno traballo, xa non publicou outras cousas, adicando todo o seu tempo á preparaci3n do material destinado á publicaci3n de "Musgos de la Península Ibérica".

Xa na Coruña, continuou a preparaci3n do segundo tomo das Briófitas da Península Ibérica, Musgos, que deixou sen rematar cando o sorprendeu a morte a lo de Abril de 1.929.

Cos materiais recollidos, e coas descripci3ns deixadas por Casares, o Prof. D. Arturo Caballero, do Jardín Botánico de Madrid escribió o tomo de Musgos, ó que soio restaba a parte xeral. O mérito desta obra era tan grande coma o das Hepáticas, tendo sona fora e dentro de España de obra perfecta e acabada no seu xénero.

Pero Casares-Gil, se foi un gran botánico, non por eso deixou de man a súa profesi3n médica, deixando grata lembranza no Cuerpo de Sanidad Militar. No Instituto de Higiene Militar adicouse á Bacterioloxía, preparando a vacina antitífica que o exército español empregou en Marracos. Descubriu un método de tinci3n de flaxelos que foi louvado por Cajal.

A obra de Casares, coma botánico, vista dende este 50 cabodano non pode menos que ser calificada de admirable na súa especialidade da Brioloxía, sendo, dende logo, moi difícil de superar.

E, pra rematar, non entendemos como non hai en Santiago de Compostela lembranza que perpetúe o nome dun científico compostelano extraordinariamente modesto, que viviu desinteresadamente pra unha ciencia da que nunca tirou proveito material ningún, acadando unha boa crítica ó seu labor dende o extranxeiro, e que, dende o noso punto de vista levou o nome de Galicia a tódolos medios botánicos do mundo.

ciencia sin fronteiras

A XENESE DAS RIAS BAIXAS

The geomorphology of the surroundings of the Ría de Arosa (Galicia, NW Spain), 1966 Pannekoek, A.J.

Additional geomorphological data on the ria area of western Galicia (Spain), 1970 Pannekoek, A.J.

Leidse Geologische Mededelingen. Deel 37 (1966-1970).

Segundo a liña de estudos que sobre da xeoloxía de Galicia se suscitou na universidade holandesa de Leiden, o profesor de Xeografía Física A.J. Pannekoek publicou en 1966 e 1970, dous traballos sobre da xeomorfoloxía dos arredores da ría de Arousa cis que teimaba chegar a abranguer e explicar o proceso de formación das rías galegas.

No primeiro dos dous traballos o aoutor estuda, dun xeito esgotador, as formas do relevo analizando polo miúdo os elementos xeomorfolóxicos, ós que divide nos seguintes grupos:

- a) Encostas de pouca pendente, desenroladas a partir dos gaucis de pé de monte e que seguen por baixo do nivel actual do mar.
- b) Cumios residuais.
- c) Montes ou serras de fortes pendentes.

Do mesmo xeito, estuda as formas fluviaais analizando




Figura 1.- Reconstrución da historia xeolóxica das Rías Baixas dende o Plioceno até os nosos días o traveso de cortes paralelos ó eixo das rías (Pannekoek, 1966).

os perfís lonxitudinais dos grandes ríos, e así como a forma do fondo da ría de Arousa e da plataforma costeira, e, asemade, a dos fondos oceánicos ate o chamado "Banco de Galicia" gracias ós datos que lle proporcionaron os barcos oceanográficos holandeses. A análise conxunta destes feitos leva ó autor a propoñer unha teoría sobre dos procesos que deron orixe a ría, que dibuxa dun xeito esquemático no gráfico da Figura 1. Nela, e en catro cortes paralelos o eixo das rías, expón a súa evolución histórica dende a Era Terciaria. No primeiro corte correspondente o Mioceno (de 26 a 7 millóns de anos) expón como o penichán terciario que aínda eixite nas altitudes dos 400-500 m. nunha boa parte de Galicia occidental, foi crebado polo afondamento dos materiais da chamada "falla meridiana" de dirección N-S coa formación dunha serie de "rift valleys". Así mesmo na Figura 2A pódese ver un mapa a extensión do penichán terciario e das montañas mais antigas.

No Plioceno (de 7 a 1,5 millóns de anos) o movemento de afondamento dos rift valleys segue e neles vaíse depositando cantidade de sedimentos, ó mesmo tempo que se teñen movementos de compensación que erguen as montañas dos arredores, así coma fallas que creban estes bloques. Pola outra, os ríos non cambian os seus cursos devanceiros coa formación dos rift valleys se non que seguen coa súa dirección SW orixinal (Figura 2B) prefigurada dende vello por fallas ou fracturas con esa dirección. Dende estes tempos ate hoxe as rías non tiveron maiormente outros accidentes tectónicos, e así, a hipótese clásica de que as rías foron obxecto de afondamentos individuais, sustitúa Pannenkoek, pola dunha erosión forte e seguida, ó traveso do Cuaternario (3º corte), tal como parecen amo salo os depósitos de pendente, con moito caolín, que se atopan por baixo do nivel do mar de hoxe. Derradeiramente, a presenza de terrazas do tirreniense (interglacial) así como os depósitos de estuario, falánnos da falla de movementos especiais dende esas datas e polo mesmo, que as rías existen como tales, cando menos dende os dous derradeiros interglaciares.

No segundo dos traballos, o autor fala da xeomorfolo




Fig. 2 A.- Reconstrucción hipotética das costas galegas no Mioceno Superior (hai 10 millóns de anos). O que queda do penichán tortoniense de Nonn representábase cun raiado mexto, a extensión do penichán da época por un raiado aberto e os cursos dos ríos cunhas liñas con flecha na punta.

Fig. 2 B.- A mesma reconstrucción no Plioceno (7 a 1,5 millóns de anos). Os mesmos signos que na outra figura mais a representación con puntinhos das zonas xa sumerxidas, e con liña crebada a das fallas post-pontienses.

xía da zona tendo xa en conta as aportacións de H. Nonn ("Les regions cotièeres de la Galice". 1966) ofrecéndonos dous mapas (Fig. 2, A e B) onde amosa a hipotética reconstrucción das costas galegas ó traveso do Mioceno e o Plioceno, nas que se poñen en evidencia os ciclos erosivos que acaeron dende o Mioceno, e eisí pensa que o primeiro dos ciclos, que aconteceu nos remates do Terciario (no Mioceno), viría representada polo nivel tortoniense de Nonn, que se atopa ó traveso dos grandes ríos e, en zonas mais cativas, o longo das rías (Fig. 2A). O terreno continental espallábase bastante mais lonxe da liña de costa de hoxendía, a fractura meridiana aínda non se abrira e os ríos Ulla e Umia xuntábanse perto da desembocadura nun curso único. O final do Mioceno ten lugar a apertura da fractura meridiana (zona baixa que vai en dirección N-S, dende Tui a Carballo, e que se considera que é unha zona fallada complexa, que ten algunhas partes con carácter de afondamentos, mentres que outras son simplemente vales erosionados) eisí como a apertura de fallas con dirección SW-NE (Fig. 2B) que provocan o afondamento do terreo que hai entre elas e, con el, o escomenzo dunha nova xeira erosiva que remonta o curso dos ríos ate o seu tramo medio. A terceira e derradeira xeira erosiva ten xa ocorrido no Cuaternario antigo e nela os vales dos ríos foron erosionados até os niveis de profundidade de hoxendía.

aula aberta

UNHA TECNICA DIDACTICA NAS CENCIAS DA "EXB": A SAIDA ESCOLAR.

Antía Cal

Colexio "Rosalia de Castro" - VIGO.

A miña experiencia de levar as leccións fóra da aula escomenza seriamente dimpois de asistir a Escola D'Estiu de Rosa Sensat no ano 1969.

O equipo de traballo das Cencias Sociaes andaba a esculcar nas bases e puntos da "Escola Nova" (Rousseau, Pestalozzi, Dewey, Montessori, Freinet, Piaget ...). Dalí voltei en remexendo no meu caletre a imperiosa necesidade de saír da escola a observar, a escoitar, a aprender. Eu a primeira. Foi unha dura experiencia. Tiven que loitar contra a miña propia inñorancia. Contra o medo que supuña poñerme de cara a espectadores "alleos", que acreditarían, enriba, a miña inseguridade e descoñecimento.

Loita dura contra a propia estrutura escolar ...
¿cómo saír afora no tempo que me correspondía de aula?.

Había que enfrentarse con unha programación interdisciplinaria e en equipo, todos os profesores tiñamos que sentir a necesidade de esa lección saída. Non era doado. Non estábamos afeitos. Supuña rachar con xeitos vellos. Outra loita dura cos pais, que non chegaban a "sentir" a saída traballo. Na súa mentalidade saír era "facer excursión", casique unha festa ..., que por enriba de perdelo tempo iba a custar cartos.

Unha loita cos programas e textos, abstractos, ideais, lonxanos, alleos moitas veces ó ritmo e capacidade del alumno meío.

Loita coas institucións e lugares a visitar i entrevistar. Non coidaban nin podían entender que houbera algún interés en explicarnos nada e moito menos a unhos rapaces pequechos da EXB.

E foi tamén duro rifar co respecto do propio pobo, que nos estaba a atisbar e sufrir. Nos transportes públicos, polas ruas, tivemos que adeprender a movernos en grupo. Non era doado. O espacio sempre é hostil namentras non "se ten medido" e "controlado".

Unha anécdota. Corría o inverno de 1970. Fumos a Pontevedra un grupo de 7º EGB pra conocela. Tíñamos concertada a visita ó Museo prás 11 da mañán. Chegamos un anaquiño cedo. Pra ter conta do grupo propuxémonos xogar á pelota aquilo de "De la Habana vino un barco cargado de". Estábamos na feituca plaza da Leña, diante do Museo. Os nenos ledos i eu con eles tamén a xogar. Pasa unha señora moi disposta e díme "¡Si estuviera trabajando ...!".

Aquela noite non puíden prendelo sono, o meu corpo estaba mallado por fora e por dentro ...

Pro paga a pena. Cheguei a conclusión que a lección mais rentable é a quela que pon a traballar "os cinco sentidos". Polas fiestras sensoriaes entran datos que rexistran as memorias con moita mais solidez que a memoria escolar "abstracta". Aquel cheiriño, aquel bater do ruxe - ruxe, aquel andar enriba daquel chan, aquel ir e vir con todo o corpo o movemento tan preciso no desenrolo do neno percura unhos datos e unhas relacións cognoscitivas concretas, das que poderemos tirar logo lonxanas relacións abstractas.

Sin descontar que o propio maestro ten moito que adeprender. A nosa preparación é feble e o desenvolvemento do conocimiento moderno é casique "ultrasónico". O que hoxe é tesis centífica, mañán queda desbotada. Todo é cambiante e mellorable. escoitar ós propios especialistas a falar do seu traballo é unha riqueza prós nenos e

pra nós, os profesores.

Pra rematar. O ESPACIO ben recoñecido, o TEMPO ben estruturado supoñen a rigurosa autonomía do ser humano. Calquer pensamento lóxico-creativo precisa destas dúas coordenadas como principio elemental. Eu non atopei mellor técnica pra practicalas que unha saída escolar.

UNHA SAIDA A PONTEVEDRA - PADRON - SANTIAGO

Curso 1978-79

Cuarenta e cinco nenos/as de 6º EXB. Co Prof. das Ciencias Sociaes e o conductor do autobús escolar.

Queríamos facer a técnica da "observación directa" pra traballar os Temas Centraes do 1º trimestre:

- o relevo do chã (topografía do espacio)
- os ríos (a erosión, os axentes, "dafora")
- a representación gráfica.

Pros outros trimestres teríamos:

- o estudo da cidade
- a Historia antiga e meia da Sociedade Española i Europea.

Estivemos a falar no grupo pra ver onde poderíamos aproveitar millor o tempo. Decidimos ir a Pontevedra - Padrón - Santiago como saída de outono.

Escomenzamos a preparación:

1. Formar os grupos de traballo
2. Escollelos traballos a facer cada grupo
3. Buscar material:
 - fotos aéreas
 - fotos e tarxetas
 - planos
 - mapas
 - guías
 - monografías
 - etc.
4. Facelo programa
5. Escribir e telefonar pra concertarlas visitas i entrevistas
6. Comunicar ós pais qué leccións íbamos facer e gastos da saída

PROGRAMA DA SAIDA

1º día:

- 10 da mañán, chegada a Pontevedra. Visita Oficina de Turismo (Concertada) pra recollida de planos e calqueira observación.
- Visita ó río Lérez. Uso do altímetro. A desembocadura: características a observar.
- As 11, visita ó Museo (concertada).
 - Sección de Arqueoloxía galega
 - O tesouro celta de Caldas.
- As 12,30. Traballo de PLANO
 - Lectura do plano/lectura da realidade
 - Atisbalo núcleo antigo e as "rondas". Logo percorrelas.
